

A verbena, Maruja Mallo, 1927. Museo Reina Sofía. Madrid. 119x165 cts. Óleo sobre lenzo



Esta obra pertence ao Surrealismo.

Maruja Mallo pintou este cadro en 1927. Un ano ben importante: tanto que deu nome a unha xeración de poetas, algúns dos cales, como Alberti ou García Lorca, formaron parte do ambiente intelectual e artístico no que se moveu a pintora. Alí estaba tamén Salvador Dalí, que tivo a ocorrencia de chamala “metade anxo, metade marisco”. Ou Luís Buñuel, ao que non lle facía moita graza ese invento das mulleres liberadas.

A un grupo desas valentes, as *Sinsombreiro*, pertenceu Mallo xunto a outras como María Zambrano ou Margarita Manso. Sen chapeu por non levalo, claro, o que naquel momento era unha opción tan indecorosa que na mesmísima Porta do Sol foron apedradas –así o contaba ela- por uns viandantes que non podían (ou non querían) crer o que vían os seus ollos.

A verbena forma parte dun grupo de 4 cadros que Maruja Mallo dedica ás diferentes festas madrileñas, todos eles cheos de xúblio e barroquismo. Nel distinguimos unha gran cantidade de motivos que nos sitúan dentro dunha verbena madrileña do momento, como as diferentes atraccións e elementos típicos das festa populares, que se xuntan con personaxes estraños e fantásticos, como os xigantes ou a figura dos pes deformes que está pedindo esmola e que aparece remitir ao goyesco.

É, por tanto, unha escena que xunta elementos recoñecibles con outros que parecen romper a lóxica, o cal nos leva a situala no territorio do realismo máxico co que se identifica en moitas ocasións as pinturas da autora. Entre a gran cantidade de personaxes que aparecen merecen ser destacadas as dúas mulleres que ocupan o centro do cadro, que visten de maneira pouco convencional e ortodoxa para a época (a da saia e a raqueta identificado coa súa amiga Concha Méndez) , definindo un novo modelo de muller que rompe con cánones de comportamento establecidos. O resto de personaxes revela unha mirada irónica e algo sarcástica sobre a sociedade do momento, o que se revela na representación do fraile divertíndose nas atraccións ou o Garda Civil que se converte nunha figura xigante de cartón pedra.

Como os propios mariñeiros que se sitúan no borde inferior do cadro e son reflexados no espello deformante, así a realidade se deforma por medio do esperpento e as clases populares teñen na verbena unha vía de escape da realidade. Como se ve no cadro, durante o tempo da verbena conviven nun caos ordenado todas as clases sociais e a sociedade ponse patas arriba durante un instante.

A nivel compositivo destaca o dinamismo da composición, marcada polas liñas diagonais que estruturan o cadro e, sobre todo, o abigarrado da composición, onde se acumulan figuras e diferentes motivos sen orden aparente. Nos diferentes planos conviven figuras de diferente tamaño sen respecto polas leis da perspectiva lineal (influencia tanto do cubismo como do caos urbano que pintaban os expresionistas, pero substituíndo o tono angustioso polo festivo), dándolle ao cadro unha gran sensación de horror vacui e de barroquismo.

Por último, cabe destacar a utilización de formas curvas, moi orgánicas (cunha certa influencia do Picasso da época), e dun colorido vivaz e luminoso que lle acaba de dar ese tono xubiloso a unha composición no que a imaxinación se desborda para crear unha pintura de claro ambiente surrealista.